

emprego o procedemento dos cales se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2002.

Disposición derogatoria única. *Alcance da derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto nesta lei e, expresamente, as seguintes:

a) O número tres da disposición adicional cuarta da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, engadido polo artigo 14 do Real decreto lei 16/2001, do 27 de decembro, de medidas para o establecemento dun sistema de xubilación gradual e flexible.

b) O actual número 4 da disposición adicional oitava da Lei xeral da Seguridade Social aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño.

c) O Real decreto lei 16/2001, do 27 de decembro, de medidas para o establecemento dun sistema de xubilación gradual e flexible.

Disposición derradeira primeira. *Aplicación a réximes especiais.*

1. Inclúese un novo número 3 na disposición adicional oitava do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1994, do 20 de xuño, coa seguinte redacción:

«3. O previsto no número 3 do artigo 161 será de aplicación ós traballadores por conta allea incluídos nos réximes especiais da minería do carbón e de traballadores do mar.»

2. O actual número 3 da disposición adicional oitava da Lei xeral da Seguridade Social pasa a constituí-lo número 4 coa seguinte redacción:

«4. O previsto nos artigos 134, 135 e 166 será aplicable, se é o caso, ós traballadores por conta allea dos réximes especiais. O previsto nos artigos 112 bis e 162.6 será igualmente aplicable ós traballadores por conta allea dos réximes especiais con excepción dos incluídos nos réximes especiais agrario e de empregados domésticos. Así mesmo, o disposto nos artigos 134, 135 e 166 resultará de aplicación ós traballadores por conta propia incluídos nos réximes especiais de traballadores do mar, agrario e de traballadores autónomos, nos termos e condicións que se establezan regulamentariamente.»

Disposición derradeira segunda. *Disposicións de aplicación e desenvolvemento.*

Autorízase o Goberno para dicta-las disposicións que sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 12 de xullo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DE FACENDA

13975 REAL DECRETO 594/2002, do 28 de xuño, polo que se modifica o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, en materia de exencións, rendementos do traballo e do capital mobiliario, deducións, autoliquidación e retencións. («BOE» 167, do 13-7-2002.)

A Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, foi obxecto de modificacións pola Lei 6/2000, do 13 de decembro, pola que se aproban medidas fiscais urxentes de estímulo ó aforro familiar e á pequena e mediana empresa, polo Real decreto lei 12/2001, do 29 de xuño, polo que se aproban medidas fiscais urxentes en materia de retencións e ingresos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto sobre sociedades, pola Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, e pola Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Estas modificacións na Lei 40/1998 obrigan a adaptalo Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, para este efecto promúlgase este real decreto, que, ademais, contén medidas adicionais propias do desenvolvemento regulamentario.

Como consecuencia da Lei 6/2000, adáptase o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas na parte relativa ás reducións aplicables a determinados rendementos do traballo e ós rendementos do capital mobiliario derivados de contratos de seguro percibidos en forma de capital.

O Real decreto lei 12/2001 introduciu modificacións urxentes na Lei 40/1998, como consecuencia das sentencias do Tribunal Supremo do 22 e 23 de marzo de 2001, establecendo no 35 por 100 a porcentaxe de retención aplicable ás retribucións que se perciban pola condición de administradores e membros dos consellos de administración, das xuntas que fagan as súas veces e demais membros doutros órganos representativos. Este tipo de retención incorpórase ó texto regulamentario.

As modificacións na Lei 40/1998 introducidas pola Lei 21/2001 afectan ó Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas no referente á dedución por investimento en vivenda habitual, ó modifica-las porcentaxes de dedución previstas no artigo 55.1 da Lei do imposto e crea-lo tramo autonómico ou complementario da dedución por investimento en vivenda habitual. Pola súa vez, reordenáanse os parágrafos dos epígrafes 1.º e 2.º do artigo 53, como consecuencia da sentenza do Tribunal Supremo do 11 de marzo de 2000.

O novo sistema de financiamento autonómico afecta, igualmente, ó Regulamento do imposto na forma de reintegra-las cantidades indebidamente deducidas en caso de perda do dereito a deducir.

Pola súa parte, os cambios que introduciu a Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, na Lei 40/1998, teñen como consecuencia as modificacións do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas relativas a autoliquidación e ingreso da débeda tributaria e retencións sobre os rendementos do traballo.

Así, incorpórase ó texto regulamentario a posibilidade de solicitar, en determinados casos, a suspensión do ingreso da débeda tributaria e especificase a contía á que se referirá a solicitude de suspensión do ingreso.

Pola súa vez, incorpórase ó texto regulamentario a expresión en números enteiros da porcentaxe de retención sobre os rendementos do traballo, así como unha regra aclaratoria do redondeo, e establécense certos límites ós novos tipos de retención cando se efectúen determinadas regularizacións, para evitar situacións distorsionantes derivadas, exclusivamente, do redondeo do tipo de retención.

Xunto con estas medidas de adaptación do texto regulamentario ós cambios introducidos na Lei do imposto, o real decreto incorpora outras medidas que son propias do desenvolvemento regulamentario do imposto sobre a renda das persoas físicas, en virtude das concretas habilitacións normativas contidas, respectivamente, nos artigos 7.o), 17.2.a), 82 e 83 da Lei do imposto.

Os cambios introducidos refírense, primeiro, á definición das causas que determinan a exención das gratificacións extraordinarias satisfeitas polo Estado español pola participación en misións internacionais de paz ou humanitarias, para facer referencia a danos persoais en lugar de físicos ou psíquicos; segundo, á fixación da nova contía do salario medio anual, para efectos da aplicación da redución do 30 por 100 ós rendementos do traballo que teñan un período de xeración superior a dous anos ou que sexan obtidos de forma notoriamente irregular no tempo; terceiro, á expresión en euros da escala de retención; cuarto, ó establecemento dun novo criterio delimitador das obrigas de declaración e ingreso mensual de determinadas retencións e ingresos á conta que practican as administracións públicas, máis claro e específico, como é a contía do orzamento, e, quinto, a unha habilitación específica ó ministro de Facenda para a regulación da presentación das declaracións relativas ós pagamentos á conta do imposto por vía telemática e para a ampliación do prazo de presentación destas declaracións, atendendo a razóns de carácter técnico.

O real decreto incorpora, ademais, unha disposición transitoria única que establece a regularización de deducións correspondentes a períodos impositivos iniciados con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2002, cando se perda o dereito á dedución por incumprimento dalgún dos requisitos esixidos para aplica-la dedución.

Remata o real decreto cunha disposición derradeira única que establece a data da súa entrada en vigor e o momento a partir do cal produce efecto.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de xuño de 2002,

DISPÓN O:

Artigo primeiro. *Modificación do artigo 4, «Exención das gratificacións extraordinarias percibidas pola participación en misións de paz ou humanitarias», do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

O artigo 4 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, quedará redactado como segue:

«Para efectos do previsto no artigo 7.o) da Lei do imposto, estarán exentas as cantidades satis-

feitas polo Estado español ós membros de misións internacionais de paz ou humanitarias polos seguintes motivos:

a) As gratificacións extraordinarias de calquera natureza que respondan ó desempeño da misión internacional de paz ou humanitaria.

b) As indemnizacións ou prestacións satisfeitas polos danos persoais que sufrisen durante elas.»

Artigo segundo. *Modificación do artigo 10, «Aplicación da redución do 30 por 100 a determinados rendementos do traballo», do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

O punto 4 do artigo 10 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, quedará redactado como segue:

«4. A contía do salario medio anual do conxunto de declarantes do imposto, para os efectos da aplicación da redución do 30 por 100 prevista no artigo 17.2.a) da Lei do imposto, será de 17.900 euros.»

Artigo terceiro. *Modificación do artigo 11, «Reducións aplicables a determinados rendementos do traballo», do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

1. O punto 2 do artigo 11 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, quedará redactado como segue:

«2. Para efectos da aplicación da redución do 75 por 100 prevista no artigo 17.2, alíneas c) e d), da Lei do imposto, entenderase que as primas satisfeitas ó longo da duración do contrato gardan unha periodicidade e regularidade suficientes cando, transcorridos máis de doce anos desde o pagamento da primeira prima, o período medio de permanencia das primas fose superior a seis anos.

O período medio de permanencia das primas será o resultado de calculalo sumatorio das primas multiplicadas polo seu número de anos de permanencia e dividilo entre a suma total das primas satisfeitas.»

2. O punto 3 do artigo 11 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, quedará redactado como segue:

«3. A porcentaxe de redución do 65 por 100, establecida no artigo 17.2.d) da Lei do imposto, resultará aplicable ás indemnizacións por invalidez absoluta e permanente para todo traballo e por grande invalidez, en ámbolos casos nos termos establecidos pola normativa reguladora dos plans e fondos de pensións.»

Artigo cuarto. *Modificación do artigo 19, «Reducións aplicables ós rendementos do capital mobiliario derivados de contratos de seguro», do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

O punto 3 do artigo 19 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real

decreto 214/1999, do 5 de febreiro, quedará redactado como segue:

«3. A porcentaxe de redución do 65 por 100, establecido no artigo 24.2.c) da Lei do imposto, resultará aplicable ás indemnizacións por invalidez percibidas polos que teñan un grao de minusvalidez igual ou superior ó 65 por 100.»

Artigo quinto. *Modificación do artigo 53, «Condições de financiamento da vivenda habitual para a aplicación das porcentaxes de deducción incrementados», do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

O artigo 53 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, quedará redactado como segue:

«1. As porcentaxes de deducción previstas no artigo 55.1.1.ºb) da Lei do imposto serán de aplicación da seguinte maneira:

1.º Cando se trate de adquisición ou rehabilitación de vivenda, para aplica-las porcentaxes incrementadas, do 16,75 por 100 e do 13,40 por 100, deberán producirse as seguintes circunstancias:

a) Que o importe financiado do valor de adquisición ou rehabilitación da vivenda supoña, polo menos, un 50 por 100 do dito valor.

No caso de reinvestimento por alleamento da vivenda habitual a porcentaxe do 50 por 100 entenderase referida ó exceso de investimento que corresponda.

b) Que durante os tres primeiros anos non se amorticen cantidades que superen no seu conxunto o 40 por 100 do importe total solicitado.

Estas porcentaxes non serán de aplicación, en ningún caso, ás cantidades destinadas á construción ou ampliación da vivenda nin ás depositadas en conta vivenda.

A porcentaxe de deducción do 16,75 por 100 aplicarase, exclusivamente, durante os dous anos seguintes á adquisición ou rehabilitación da vivenda habitual e sobre as cantidades, respectivamente, destinadas a estes fins.

2.º Cando se trate de obras e instalacións de adecuación realizadas por minusválidos, ás que se refire o artigo 55.1.4.º, e) da Lei do imposto, deberán producirse as seguintes circunstancias:

a) Que o importe financiado das obras ou instalacións de adecuación supoña, polo menos, un 30 por 100 do dito investimento.

b) Que durante os tres primeiros anos non se amorticen cantidades que superen no seu conxunto o 40 por 100 do importe total solicitado.

As porcentaxes de deducción do 16,75 ou do 13,40 por 100 aplicaranse, como máximo, sobre 6.010,12 euros, aplicándose o 10,05 por 100 sobre o exceso, ata 12.020,24 euros.

A porcentaxe de deducción do 16,75 por 100 aplicarase, exclusivamente, durante os dous anos seguintes á realización das obras ou instalacións de adecuación.

2. As condicións e requisitos establecidos no punto anterior serán tamén de aplicación ó tramo autonómico ou complementario da deducción por investimento en vivenda habitual, previsto no artigo 64 bis da Lei do imposto.»

Artigo sexto. *Modificación do artigo 57, «Perda do dereito a deducir», do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

O punto 2 do artigo 57 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, quedará redactado como segue:

«2. Esta adición aplicarase da seguinte forma:

a) Cando se trate da deducción por investimento en vivenda habitual, regulada no punto 1 do artigo 55 da Lei do imposto, engadirase á cota líquida estatal a totalidade das deduccións indebidamente practicadas.

b) Cando se trate das deduccións previstas nos puntos 2, 3 e 5 do artigo 55 da Lei do imposto, engadirase á cota líquida estatal o 67 por 100 das deduccións indebidamente practicadas e á cota líquida autonómica ou complementaria o 33 por 100 restante.

c) Cando se trate de deduccións establecidas pola comunidade autónoma no exercicio das competencias normativas previstas no artigo 38.1 da Lei 21/2001, do 27 de decembro, pola que se regulan as medidas fiscais e administrativas do novo sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía, e do tramo autonómico ou complementario da deducción por investimento en vivenda habitual regulado no artigo 64 bis da Lei do imposto, engadirase á cota líquida autonómica ou complementaria a totalidade das deduccións indebidamente practicadas.»

Artigo sétimo. *Modificación do artigo 60, «Autoliquidación e ingreso», do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

O punto 1 do artigo 60 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, quedará redactado como segue:

«1. Os contribuíntes que estean obrigados a declarar por este imposto, ó tempo de presentaren a súa declaración, deberán determina-la débeda tributaria correspondente e ingresala no lugar, forma e prazos determinados polo ministro de Facenda.

Se, no momento de presenta-la declaración, se solicitase a suspensión do ingreso da totalidade ou de parte da débeda tributaria resultante da autoliquidación, de acordo co establecido no punto 6 do artigo 80 da Lei do imposto, seguirase o procedemento regulado nel.

A solicitude de suspensión referirase ó ingreso dalgunha das seguintes contías:

a) Á totalidade da débeda tributaria, cando esta sexa igual ou inferior á devolución resultante da autoliquidación presentada polo cónxuxe por este mesmo imposto.

b) Ó mesmo importe que a devolución resultante da autoliquidación presentada polo cónxuxe, cando a débeda tributaria sexa superior.»

Artigo oitavo. *Modificación do artigo 75, «Importe das retencións sobre rendementos do traballo», do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

O punto 1 do artigo 75 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real

decreto 214/1999, do 5 de febreiro, quedará redactado como segue:

«1. A retención que se practicará sobre os rendementos do traballo será o resultado de aplicarlle á contía total das retribucións que se satisfagan ou aboan, o tipo de retención que corresponda dos seguintes:

1.º Con carácter xeral, o tipo de retención que resulte segundo o artigo 80 deste regulamento.

2.º O 35 por 100 para as retribucións que se perciban pola condición de administradores e membros dos consellos de administración, das xuntas que fagan as súas veces e demais membros doutros órganos representativos.

3.º O 18 por 100 para os rendementos derivados de impartir cursos, conferencias, coloquios, seminarios e similares, ou derivados da elaboración de obras literarias, artísticas ou científicas, sempre que se ceda o dereito á súa explotación.»

Artigo noveno. *Modificación do artigo 79, «Cota de retención», do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

O punto 1 do artigo 79 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, quedará redactado como segue:

«1. Con carácter xeral, a cota de retención obterase aplicándolle á base para calcula-lo tipo de retención, sempre que esta sexa positiva, as porcentaxes que se indican na seguinte escala:

Base para calcula-lo tipo de retención — Ata euros	Cota de retención — Euros	Resto base para calcula-lo tipo de retención — Ata euros	Porcentaxe
0,00	0,00	3.678,19	18,00
3.678,19	662,07	9.195,49	24,00
12.873,68	2.868,99	12.260,65	28,30
25.134,33	6.338,75	15.325,80	37,20
40.460,13	12.039,95	26.973,43	45,00
67.433,56	24.177,99	en diante	48,00.»

Artigo décimo. *Modificación do artigo 80, «Tipo de retención», do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

O punto 1 do artigo 80 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, quedará redactado como segue:

«1. O tipo de retención obterase multiplicando por 100 o cociente obtido de dividi-la cota de retención pola contía total das retribucións a que se refire o artigo 78.2 deste regulamento. Cando a base para calcula-lo tipo de retención fose cero ou negativa, o tipo de retención será cero.

O tipo de retención, calculado conforme o establecido no parágrafo anterior, expresárase en números enteiros. Nos casos en que o tipo de retención non sexa un número enteiro, redondeárase por defecto se o primeiro decimal é inferior a cinco, e por exceso cando sexa igual ou superior a cinco.»

Artigo décimo primeiro. *Modificación do artigo 81, «Regularización do tipo de retención», do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

O punto 5 do artigo 81 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, quedará redactado como segue:

«5. O tipo de retención, calculado de acordo co procedemento previsto no artigo 77 deste regulamento, non poderá incrementarse cando se efectúen regularizacións por circunstancias que determinen unha diminución da base para calcula-lo tipo de retención previa á regularización, ou por quedar obrigado o perceptor por resolución xudicial a satisfacer anualidades por alimentos en favor dos fillos e resulte aplicable o previsto no punto 2 do artigo 79 deste regulamento.

Así mesmo, nos supostos de regularización por circunstancias que determinen un aumento da base para calcula-lo tipo de retención previa á regularización, o novo tipo de retención aplicable non poderá determinar un incremento do importe das retencións superior ó incremento producido na dita base de cálculo.»

Artigo décimo segundo. *Modificación do artigo 101, «Obrigas formais do retedor e do obrigado a ingresar á conta», do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

1. O punto 1 do artigo 101 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, quedará redactado como segue:

«1. O suxeito obrigado a reter e practicar ingresos á conta deberá presentar, nos primeiros vinte días naturais dos meses de abril, xullo, outubro e xaneiro, declaración das cantidades retidas e dos ingresos á conta que correspondan polo trimestre natural inmediato anterior, e ingresa-lo seu importe no Tesouro Público.

Non obstante, a declaración e ingreso a que se refire o parágrafo anterior efectuarase nos vinte primeiros días naturais de cada mes, en relación coas cantidades retidas e os ingresos á conta que correspondan polo mes inmediato anterior, cando se trate de retedores ou obrigados nos que concorran as circunstancias a que se refiren os números 1.º e 1.º bis do punto 3 do artigo 71 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro. Como excepción, a declaración e ingreso correspondente ó mes de xullo efectuarase durante o mes de agosto e os vinte primeiros días naturais do mes de setembro inmediato posterior.

O disposto no parágrafo anterior resultará igualmente aplicable cando se trate de retedores ou obrigados a ingresar á conta que teñan a consideración de administracións públicas, incluída a Seguridade Social, cando o último orzamento anual aprobado con anterioridade ó inicio do exercicio supere a cantidade de 6 millóns de euros, en relación coas cantidades retidas e os ingresos á conta correspondentes ás rendas a que se refiren as alíneas a) e c) do punto 1 e a alínea c) do punto 2 do artigo 70 deste regulamento.

Non obstante o anterior, a retención e ingreso correspondente, cando a entidade pagadora do rendimento sexa a Administración do Estado e o pro-

cedemento establecido para o seu pagamento así o permita, efectuarase de forma directa.

O retedor ou obrigado a ingresar á conta presentará declaración negativa cando, a pesar de ter satisfeito rendas sometidas a retención ou ingreso á conta, non procedese, por razón da súa contía, a práctica de retención ou ingreso á conta ningún. Non procederá presentación de declaración negativa cando non se satisfixesen, no período de declaración, rendas sometidas a retención e ingreso á conta.»

2. O punto 5 do artigo 101 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, quedará redactado como segue:

«5. As declaracións a que se refire este artigo realizaranse nos modelos que para cada clase de rendas estableza o ministro de Facenda, quen, así mesmo, poderá determina-los datos que deben incluírse nas declaracións, dos previstos no punto 2 anterior, estando obrigado o retedor ou obrigado a ingresar á conta a cubri-la totalidade dos datos así determinados e contidos nas declaracións que lle afecten.

A declaración e ingreso efectuaranse na forma e lugar que determine o ministro de Facenda, quen poderá establece-los supostos e condicións de presentación das declaracións por medios telemáticos e amplia-lo prazo correspondente ás declaracións que poidan presentarse por esta vía, atendendo a razóns de carácter técnico, así como modifica-la contía do orzamento anual e a natureza das rendas a que se refire o parágrafo terceiro do punto 1 deste artigo.»

3. O punto 6 do artigo 101 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 214/1999, do 5 de febreiro, quedará redactado como segue:

«6. A declaración e ingreso do pagamento á conta a que se refire o punto 3.º do artigo 71.2.d) deste regulamento efectuarase na forma, lugar e prazo que determine o ministro de Facenda.»

Disposición transitoria única. *Regularización de deduccions por incumprimento de requisitos no imposto sobre a renda das persoas físicas.*

Cando, por incumprimento dalgún dos requisitos establecidos, se perda o dereito, en todo ou en parte, ás deduccions aplicadas en períodos impositivos iniciados con anterioridade ó 1 de xaneiro de 2002, as cantidades indebidamente deducidas sumaranse á cota líquida estatal e á cota líquida autonómica ou complementaria, do exercicio en que se produza o incumprimento, na mesma porcentaxe que, no seu momento, se aplicou.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e resultará de aplicación ós períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2002, a excepción do disposto en:

a) O artigo sétimo, que será de aplicación ás declaracións correspondentes ós períodos impositivos iniciados a partir do 1 de xaneiro de 2001.

b) O artigo décimo segundo, que será aplicable a partir do 1 de xaneiro de 2003.

Dado en Madrid o 28 de xuño de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Facenda,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

13977 *REAL DECRETO 644/2002, do 5 de xullo, sobre condicións básicas que deben cumprir-los centros de limpeza e desinfección dos vehículos dedicados ó transporte de gando por estrada. («BOE» 167, do 13-7-2002.)*

Os vehículos de transporte son unha vía frecuente de propagación das enfermidades infecciosas do gando, por isto a desinfección dos vehículos para o transporte de animais constitúe unha medida eficaz para a prevención e loita contra estas enfermidades.

Na Lei de epizootias, do 20 de decembro de 1952, e no seu regulamento, aprobado polo Decreto do 4 de febreiro de 1955, existen numerosas referencias á necesidade da desinfección como medida preventiva e á súa forma de aplicación, detallando cómo realiza-la desinfección nos diferentes medios de transporte.

Posteriormente, numerosas disposicións fixeron referencia á necesidade da desinfección dos medios de transporte de animais mais sen fixaren medidas concretas para a súa aplicación.

O transporte por estrada é a vía normal pola que se produce a circulación do gando entre comunidades autónomas e no mercado intracomunitario. Por isto faise necesario establecer uns requisitos básicos mínimos, de aplicación a todo o territorio nacional, sobre as condicións dos equipamentos e as instalacións e de funcionamento dos centros dedicados á limpeza e desinfección de vehículos para o transporte por estrada de animais, de forma que permitan asegurar unhas condicións sanitarias mínimas adecuadas neles.

Para o establecemento destes centros de limpeza e desinfección, é conveniente que tódalas administracións públicas poidan fomenta-la súa instalación, ben directamente ben outorgando axudas á iniciativa privada, debéndose ter especialmente en conta a liña de axudas contemplada no título II sobre medidas de desenvolvemento rural do Regulamento 1257/1999, do Consello, do 17 de maio de 1999, sobre a axuda ó desenvolvemento rural a cargo do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola (FEOGA) e polo que se modifican e se derrogan determinados regulamentos. Esta liña de axudas foi prevista no noso ordenamento xurídico no Real decreto 117/2001, do 9 de febreiro, polo que se establece a normativa básica de fomento dos investimentos para a mellora das condicións de transformación e comercialización dos produtos agrarios, silvícolas e da alimentación.

Na elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Este real decreto dítase de acordo co disposto no artigo 149.1.16.^a da Constitución, polo que se atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Na súa virtude, por proposta conxunta dos ministros de Agricultura, Pesca e Alimentación e de Fomento, de